



## ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2014



## II. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2014


### II.1. GRANDES CIFRAS

#### II.1.1. Evolución do Sistema de Financiamento. Teito de gasto e Capacidade de gasto

Os ingresos procedentes do Sistema de Financiamento, en termos de caixa, cifranse no ano 2014 en 6.023 millóns de euros.

Gráfico XXVII: Pagos a conta e liquidacións do Sistema de Financiamento

### TOTAL SISTEMA FINANCIAMENTO



Cadro XXIX: Pagos a conta e liquidacións do sistema de financiamento. Datos en millóns de euros.

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
TOTAL SISTEMA FINANCIAMENTO	4.491	4.701	5.185	5.758	6.149	6.814	7.335	7.439	6.280	6.071	6.080	6.210	6.023
Var absoluta		210	484	573	391	665	521	104	-1159	-209	9	130	-187
% variación		4,7%	10,3%	11,1%	6,8%	10,8%	7,6%	1,4%	-15,6%	-3,3%	0,1%	2,1%	-3,0%

Comparando os datos efectivamente recadados cos previstos para 2014, a evolución do sistema de financiamento nos últimos 12 anos pon de manifesto que mentres no período 2002 – 2009 producíronse incrementos constantes no mesmo (case 3.000 millóns de euros máis en 2009 respecto ao ano 2002, un incremento medio anual dun 7,5%) a partir do ano 2010 a súa evolución muda radicalmente, en dito ano prodúcese unha caída duns


1.159 millóns de euros, un 15,5% menos e a partir de dito ano os ingresos procedentes do sistema de financiamento sitúanse no entorno dos 6.000 millóns de euros voltando as niveis do ano 2006. No exercicio 2014 a previsión de entregas a conta e liquidacións do exercicio 2012 mostra unha forte caída, de 187 millóns de euros o que supón unha minoración do 3% sobre a contía efectiva percibida durante 2013.

O teito de gasto fixado, en aplicación da Lei 2/2011, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, foi autorizado polo Consello da Xunta o día 1/8/2013, e aprobado o 2/8/2013 polo Parlamento de Galicia, estableceuse en 8.456 millóns de euros.

O importe de gasto non financeiro consignado nos orzamentos para 2014 é de 8.391 millóns de euros, cifra algo inferior á do ano 2006, tal e como se comproba na gráfica seguinte:

Gráfico XXVIII: Evolución das Operacións non Financeiras do Orzamento Consolidado

## TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS



Esta cifra, 8.391 millóns de euros, esgota practicamente o teito de gasto, as diferencias obedecen a baixas en financiamento finalista (subvencións finalistas e FCI axustados en -17 e 18 millóns de euros en función das contías que figuran na LPGE) e polo axuste na estimación dos fondos europeos a orzamentas sobre os que figuraban no teito de gasto -31 millóns de euros. O gasto non financeiro consolidado de 2014 supón unha baixa do 1,01% en relación ao orzamento de 2013, 89 millóns de euros.

### II.1.2. Ingreso consolidado.

Os ingresos totais nos Orzamentos Xerais para 2014 ascenden a 10.281 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 7.755 millóns de euros, e os ingresos financeiros a 2.527 millóns de euros, segundo o seguinte detalle por capítulos:

Cadro XXX: Cadro de Ingresos do orzamento consolidado.

Distribución económica							
Capítulos		2013	2014	Variación		Valor	
				Importe	%	2013	2014
I	Impostos directos	1.913	1.937	25	1,3	20,2	18,8
II	Impostos indirectos	2.944	3.133	190	6,4	31,0	30,5
III	Taxas, prezos e outros ingresos	205	166	-40	-19,4	2,2	1,6
IV	Transferencias correntes	2.312	1.953	-359	-15,5	24,4	19,0
V	Ingresos patrimoniais	23	24	1	3,9	0,2	0,2
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>7.397</b>	<b>7.214</b>	<b>-183</b>	<b>-2,5</b>	<b>78,0</b>	<b>70,2</b>
VI	Alleamento de investimentos reais	30	13	-17	-57,4	0,3	0,1
VII	Transferencias de capital	562	528	-34	-6,0	5,9	5,1
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>592</b>	<b>541</b>	<b>-51</b>	<b>-8,6</b>	<b>6,2</b>	<b>5,3</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>		<b>7.988</b>	<b>7.755</b>	<b>-234</b>	<b>-2,9</b>	<b>84,2</b>	<b>75,4</b>
VIII	Activos financeiros	20	20	-1	-3,4	0,2	0,2
IX	Pasivos financeiros	1.476	2.507	1.032	69,9	15,6	24,4
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>		<b>1.496</b>	<b>2.527</b>	<b>1.031</b>	<b>68,9</b>	<b>15,8</b>	<b>24,6</b>
<b>Total</b>		<b>9.484</b>	<b>10.281</b>	<b>797</b>	<b>8,4</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)

Da análise dos ingresos non financeiros obsérvase unha caída das transferencias correntes do 15,5% a maior parte correspondentes a transferencias do sistema de financiamento e do capítulo III, o 19,4% que se ve compensada cos capítulos I e II, de forma que o total dos ingresos non financeiros son inferiores aos de 2013 nun 2,9%.

Por outra banda, os ingresos financeiros soben un 15,8% respecto do 2013, principalmente debido ao capítulo IX, dado un lixeiro aumento da capacidade de endebedamento así como do importante volume de amortizacións de débeda no exercicio 2014.

### II.1.3. Reducción do gasto non financeiro nun 1%

O gasto consolidado para 2014 acadan a suma de 8.390 millóns de euros, detallándose a clasificación económica do mesmo na táboa seguinte:

Cadro XXXI: Cadro de Gasto do orzamento consolidado.

Distribución económica							millóns de euros
Capítulos	2013	2014	Variación		Valor		
			Importe	%	2006	2014	
I Gastos de persoal	3.391	3.367	-25	-0,7	35,8	32,7	
II Gastos en bens correntes e servizos	1.376	1.364	-11	-0,8	14,5	13,3	
III Gastos financeiros	299	352	52	17,5	3,2	3,4	
IV Transferencias correntes	1.970	1.941	-28	-1,4	20,8	18,9	
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>7.036</b>	<b>7.024</b>	<b>-12</b>	<b>-0,2</b>	<b>74,2</b>	<b>68,3</b>	
V Fondo de continxencia	85	105	20	23,5	0,9	1,0	
VI Investimentos reais	711	666	-45	-6,3	7,5	6,5	
VII Transferencias de capital	652	596	-57	-8,7	6,9	5,8	
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>1.363</b>	<b>1.262</b>	<b>-102</b>	<b>-7,5</b>	<b>14,4</b>	<b>12,3</b>	
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON</b>	<b>8.484</b>	<b>8.391</b>	<b>-94</b>	<b>-1,1</b>	<b>89,5</b>	<b>81,6</b>	
VIII Activos financeiros	166	140	-26	-15,5	1,8	1,4	
IX Pasivos financeiros	834	1.750	917	109,9	8,8	17,0	
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>1.000</b>	<b>1.891</b>	<b>891</b>	<b>89,1</b>	<b>10,5</b>	<b>18,4</b>	
<b>Total</b>	<b>9.484</b>	<b>10.281</b>	<b>797</b>	<b>8,4</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	

(Orzamento 2013 homoxeneizado)

Tendo en conta os orzamentos de 2013, o gasto non financeiro descende en 93,5 millóns de euros, o que supón unha redución do 1%.

### II.1.4. Comparación de pesos dos capítulos co orzamento de 2006

O seguinte cadro permite comparar o peso do gasto consolidado por natureza no 2006, orzamento anterior de contía de gasto non financeiro máis semellante ao noso.

Fronte a unha contía de gasto non financeiro inferior en 306 millóns de euros, o capítulo correspondente a gasto de persoal medra en 435 millóns de euros, o capítulo de gasto financeiro medra en 210 millóns de euros e o capítulo en bens correntes e servizos medra en 197 millóns de euros.

Cadro XXXII: Comparación Orzamento Consolidado 2006-2014

COMPARACIÓN 2006-2014						
Capítulos	2006	2014	Variación 2014/2013		Valor Relativo	
			Importe	%	2006	2014
I Gastos de persoal	2.932	3.367	435	14,8	31,9	32,7
II Gastos en bens correntes e servizos	1.167	1.364	197	16,9	12,7	13,3
III Gastos financeiros	142	352	210	147,6	1,5	3,4
IV Transferencias correntes	1.949	1.941	-8	-0,4	21,2	18,9
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>6.191</b>	<b>7.024</b>	<b>833</b>	<b>13,5</b>	<b>67,4</b>	<b>68,3</b>
V Fondo de continxencia	58	105	47	81,0	0,6	1,0
VI Investimentos reais	1.206	666	-540	-44,8	13,1	6,5
VII Transferencias de capital	1.241	596	-645	-52,0	13,5	5,8
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>2.447</b>	<b>1.262</b>	<b>-1.185</b>	<b>-48,4</b>	<b>26,6</b>	<b>12,3</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>8.696</b>	<b>8.391</b>	<b>-306</b>	<b>-3,5</b>	<b>94,7</b>	<b>81,6</b>
VIII Activos financeiros	112	140	28	25,3	1,2	1,4
IX Pasivos financeiros	374	1.750	1.376	368,0	4,1	17,0
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>486</b>	<b>1.891</b>	<b>1.405</b>	<b>289,1</b>	<b>5,3</b>	<b>18,4</b>
<b>Total</b>	<b>9.182</b>	<b>10.281</b>	<b>1.099</b>	<b>12,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

millóns de euros

### II.1.5. Lixeira baixa do aforro bruto e do saldo primario pola merma do ingreso corrente

Malia que o gasto corrente cae en 12 millóns de euros, o aforro por operacións correntes sitúase en 190 millóns de euros, diminuindo en 171 millóns con respecto ao orzamento do ano 2013, debido á caída dos ingresos por transferencias correntes. Considerando as operacións financeiras, o aforro por operacións correntes primario é de 542 millóns.

Cadro XXXIII: Aforro Bruto e primario por operacións correntes

OPERACIÓN CORRENTES	2013	2014	Var. 2014/2013	
			Importe	%
<b>A. INGRESOS CORRENTES</b>	<b>7.397</b>	<b>7.214</b>	<b>-183</b>	<b>-2,5</b>
1. Impostos directos	1.913	1.937	25	1,3
2. Impostos indirectos	2.944	3.133	190	6,4
3. Taxas, prezos e outros ingresos	205	166	-40	-19,4
4. Transferencias correntes	2.312	1.953	-359	-15,5
5. Ingresos patrimoniais	23	24	1	3,9
<b>B. GASTOS CORRENTES</b>	<b>7.036</b>	<b>7.024</b>	<b>-12</b>	<b>-0,2</b>
1. Gastos de persoal	3.391	3.367	-25	-0,7
2. Gastos en bens correntes e servizos	1.376	1.364	-11	-0,8
3. Gastos financeiros	299	352	52	17,5
4. Transferencias correntes	1.970	1.941	-28	-1,4
<b>C. AFORRO BRUTO (A-B)</b>	<b>361</b>	<b>190</b>	<b>-171</b>	<b>-47,4</b>
3 Gastos financeiros	299	352	52	17,5
<b>D. SALDO PRIMARIO (C+3)</b>	<b>660</b>	<b>542</b>	<b>-119</b>	<b>-18,0</b>

### II.1.6. Formación de capital: 721 millóns de euros

Os ingresos por operacións de capital supoñen 541 millóns de euros, en tanto que os gastos neses capítulos ascenden a 1,262 millóns, reducíndose nun 7,5% con respecto a 2013. A formación de capital alcanza aos 721 millóns de euros, descendendo nun 6,6% con relación ao orzamento axustado de 2013.

Cadro XXXIV. Formación de capital

OPERACIÓN DE CAPITAL	2013	2014	Var. 2014/2013	
			Importe	%
<b>A. INGRESOS DE CAPITAL</b>	<b>592</b>	<b>541</b>	<b>-51</b>	<b>-8,6</b>
6. Alleamento de investimentos reais	30	13	-17	-57,4
7. Transferencias de capital	562	528	-34	-6,0
<b>B. GASTOS DE CAPITAL</b>	<b>1.363</b>	<b>1.262</b>	<b>-102</b>	<b>-7,5</b>
6. Investimentos reais	711	666	-45	-6,3
7. Transferencias de capital	652	596	-57	-8,7
<b>FORMACIÓN DE CAPITAL (A-B)</b>	<b>772</b>	<b>721</b>	<b>-51</b>	<b>-6,6</b>



### II.1.7. Fondo de continxencia: 105 millóns de euros

O pasado ano mudouse a regulación do fondo de continxencia en adaptación do disposto no artigo 31 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. O desenvolvemento do anterior precepto pola administración financeira de Galicia obriga a dotar un fondo que acade o 2% dos fondos propios do orzamento consolidado adicado a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicial, que poidan presentarse ao longo do exercicio (permite financiar sen xerar déficits adicionais as incorporacións de crédito e ampliacións de crédito que xurdan durante o exercicio, así como as de posibles créditos extraordinarios ou suplementos de crédito) ademais se dota de maior transparencia ao seu movemento ao ser obligatoria a comunicación das súas disposicións ao igual que o resto das modificacións orzamentarias.

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizarase gradualmente ata o exercicio 2015 para acadar o seu importe legal neste último exercicio. Para o ano 2014 a porcentaxe mínima será do 1,4 % e, con carácter excepcional, e poderá empregarse para financiar os desaxustes que puideran xurdir no capítulo I.

A dotación do fonfo repártese entre o SERGAS (72 Millóns de euros) e administración xeral (33 Millóns de euros).

Cadro XXXV. Evolución do fondo de continxencia

	var 2014-2013			
	2013	2014	total	%
<b>Fondo de continxencia</b>	<b>85</b>	<b>105</b>	<b>20</b>	<b>23,5</b>

### II.1.8. Necesidade de Financiamento axustada á senda de consolidación fiscal: 565 millóns de euros

A necesidade de financiamento orzamentaria achégase en 2014 a 636 millóns de euros. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento supón os 575 millóns de euros.

A disciplina fiscal aplicada de xeito coordinado por todas as administracións fixo posible a apertura duns mercados financeiros pechados e a revisión da senda de conso-

---

lidación fiscal de xeito que se posibilitou un ritmo de axuste menos esixente, mentres se supera a saída da recesión.

Froito desta situación e dado o deterioro da conxuntura económica na área euro, no presente exercicio evidenciouse a necesidade de revisar a senda de consolidación fiscal para facer soportables os axustes precisos que implica reducir unha parte tan substancial do déficit público nun horizonte de tempo relativamente curto.

Tales circunstancias e a credibilidade gañada polo bo desempeño fiscal no 2012, levaron á Comisión Europea a aconsellar flexibilizar a senda de eliminación deste déficit excesivo. Por elo no último ECOFIN, os ministros de economía da UE deciden conceder a España unha prórroga ata 2016 para corrixir o seu déficit excesivo e situalo baixo o 3% do PIB.

O obxectivo foi informado favorablemente no Consello de Política Fiscal e Financeira no seu pleno de 27 de xuño de 2012, ao abeiro do establecido no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Pasando dunha previsión de necesidade de financiamento dun 0,1% do PIB ao actual 1%, é dicir nove décimas máis de PIB ou 517 millóns de euros de capacidade de endebedamento adicionais.

Cadro XXXVI: Necesidade de financiamento orzamentaria en termos de CN

<b>ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL</b>		
	2013	2014
Ingresos correntes	7.397	7.214
Gastos correntes	-7.036	-7.024
<b>AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO</b>	<b>361</b>	<b>190</b>
<i>Fondo de continxencia</i>	85	105
Ingresos de capital	592	541
Gastos de capital	-1.363	-1.262
<b>SALDO OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	<b>-772</b>	<b>-721</b>
<b>DÉF/SUP ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO</b>	<b>-496</b>	<b>-636</b>
Ingresos financeiros	1.496	2.527
Gastos financeiros	1.000	1.891
<b>SALDO DE ACTIVOS FINANCEIROS</b>	<b>-146</b>	<b>-121</b>
<b>VARIACIÓN NETA PASIVOS FINANCEIROS</b>	<b>642</b>	<b>757</b>
<i>Outras unidades consideradas AA.PP.</i>	-19	-5
<i>Recadación incerta</i>	-35	-35
<i>Aportacións de capital fóra do Sector público</i>	-100	-122
<i>Outros axustes</i>	247	223
<b>Total axustes Contabilidade Nacional</b>	<b>93</b>	<b>61</b>
<b>CAP/NEC DE FINANCIAMENTO SEC'95</b>	<b>-403</b>	<b>-575</b>
% PIB Galicia	0,7	1,0
PIB Galicia estimado	57.669	57.561

(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Millóns de Euros)

Cadro XXXVII: Necesidade de financiamento orzamentario

	2013	2014	TVA 14/13	
			Importe	%
A. INGRESOS CORRENTES	7.397	7.214	-183	-2,5
B. GASTOS CORRENTES	7.036	7.024	-12	-0,2
<b>AFORRO BRUTO</b>	<b>361</b>	<b>190</b>	<b>-171</b>	<b>-47,4</b>
Fondo de Continxencia	85	105	20	23,5
A. INGRESOS DE CAPITAL	592	541	-51	-8,6
B. GASTOS DE CAPITAL	1.363	1.262	-102	-7,5
<b>FORMACIÓN DE CAPITAL</b>	<b>772</b>	<b>721</b>	<b>-51</b>	<b>-6,6</b>
<b>NECESIDADE DE FINANCIAMENTO</b>	<b>-496</b>	<b>-636</b>	<b>-140</b>	<b>28,3</b>

Cadro XXXVIII Operacións financeiras

OPERACIÓN FINANCEIRAS	2013	2014	Var. 2014/2013	
			Importe	%
<b>ATENCIÓNS</b>	<b>1.000</b>	<b>1.891</b>	<b>891</b>	<b>89,1</b>
Activos financeiros	166	140	-26	-15,5
Pasivos financeiros	834	1.750	917	109,9
<b>RECURSOS</b>	<b>1.496</b>	<b>2.527</b>	<b>1.031</b>	<b>68,9</b>
Activos financeiros	20	19	-1	-3,4
Endebamento bruto	1.476	2.507	1.032	69,9
<b>NECESIDADE DE FINANCIAMENTO</b>	<b>-496</b>	<b>-636</b>	<b>-140</b>	<b>28,3</b>

(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)

ENDEBAMENTO NETO	2013	2014	Var. 2014/2013	
			Importe	%
Endebamento bruto	1.476	2.507	1.032	69,9
Amortizacións	-834	-1.750	-917	109,9
<b>ENDEBAMENTO NETO</b>	<b>642</b>	<b>757</b>	<b>115</b>	<b>18,0</b>

## II.2. PRINCIPAIS POLÍTICAS DE GASTO PRIORIZADAS NO ORZAMENTO 2014

Se ben o orzamento total medra respecto ao do ano pasado polo efecto da evolución dos gastos financeiros o dos seus ciclos de amortización do servizo da débeda, a capacidade real de gasto, medida polas operacións non financeiras e menor que a do ano pasado.

Así, se descontamos o financiamento do servizo da débeda, dos entes e órganos estatutarios e o financiamento local (vg. Fondo de cooperación local, fondo de compensación ambiental) e do sistema universitario, o gasto dispoñible para o desenvolvemento das políticas de gasto das consellerías baixa nun 2%.

Cadro XXXIX: Disponibilidades financeiras

	2013	2014	Var. 2014/2013	
			Importe	%
<b>Dispoñibilidades financeiras para as políticas de gasto das Consellerías</b>				
<b>orzamento total</b>	<b>9.484</b>	<b>10.281</b>	<b>797</b>	<b>8,4</b>
- Financiamento administracións locais	126	124	-1	-0,9
- Servizo da débeda	1.111	2.071	960	86,4
- Plan financiamento Universidades	372	375	3	0,8
- Órganos estatutarios e Consultivos	30	29	-1	-2,9
<b>Capacidade de gasto</b>	<b>7.846</b>	<b>7.682</b>	<b>-164</b>	<b>-2,1</b>


(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)

### II.2.1. Crecente relevancia do Gasto Social

Os servizos públicos básicos deben manterse en niveis de calidade, contribuíndo á igualdade de oportunidades e paliar os efectos da crise económica sobre as familias e os cidadáns, os recursos dedicados aos obxectivos estratéxicos e as Consellerías relacionados co benestar social, educación, sanidade e asistencia social e dependencia gañan peso específico nos sucesivos orzamentos, pasando de representar o 77,1% en 2013 ao 78,3%, aumentando 1,2 puntos porcentuais.

Gráfico XXIX: Peso do gasto social

## PESO DO GASTO SOCIAL




Dende 2009, ano no que representaba o 68,2% do gasto orzamentado, o gasto social supón máis do 70% do gasto total, medrando máis de 10 puntos durante cinco anos consecutivos.

Compre salientar o esforzo realizado para manter e aínda incrementar importantes partidas de gasto relacionadas coa inclusión social e a educación, como son as adicadas á RISGA e emerxencia social, dependencia, comedores escolares, e o mantemento de outras como as becas universitarias.

Cadro XL:

	2009	2013	2014	Variación % 2014 - 2013	Variación % 2014 - 2009	M€
Dependencia	137,6	275,9	278,2	0,8%	102,1%	
RISGA	22,8	32,7	39,7	21,4%	74,5%	
Emerxencia Social	2,9	4,5	4,5	0,0%	55,2%	
Comedores Escolares	18,7	27,8	28,8	3,3%	53,5%	
<b>Total</b>	<b>182,0</b>	<b>341,0</b>	<b>351,2</b>	<b>3,0%</b>	<b>92,9%</b>	

Gráfica XXX:



### II.2.2. Mantense o financiamento adicional da Administración Local


A pesares de que as disponibilidades financeiras diminúen, os Orzamentos Xerais para 2014 destinan 124,4 millóns € para Financiamento Local: 113,0 millóns para entregas do FCL e 11,5 do Fondo de Compensación Ambiental.

Cadro XLI.

Financiamento Local	2010	2011	2012	2013	2014
Entregas a conta FCL	113	113	115,3	113	113
Fondo compensación ambiental	12,6	11,6	11,4	11,5	11,5
<b>Total Mecanismos</b>	<b>125,6</b>	<b>124,6</b>	<b>126,7</b>	<b>124,5</b>	<b>124,5</b>

Desde o ano 2010, e coa finalidade de apoiar aos Concellos nas actuacións en contra da crise e a favor dos cidadáns, a Comunidade Autónoma blindou o financiamento local, por iso, aínda que as disponibilidades financeiras da comunidade autónoma non paran de memmar financiamento incondicionado das corporacións locais permanece inalterado.

Gráfico XXXI




### II.2.3. Financiamento das Universidades

Para 2014, o novo modelo de financiamento supón, para as tres Universidades de Galicia, un monto de 374,5 millóns €.




Gráfico XXXII



O financiamento total, aumenta en tres millóns de euros con respecto a 2013 aumentando o peso relativo con respecto ao gasto non financeiro da comunidade autónoma. Pola súa parte, as dotacións para fondos de I+D mantense nos 48 millóns €.

Gráfico XXXIII

### Fondos I+D



Debe facerse notar que, tal e como reflicte a gráfica anterior, se non se tivese en conta o axuste retributivo e a suba das taxas universitarias, o importe do financiamento das universidades situaríase en 393,2 millóns de euros, en niveis similares aos dos cursos precedentes.

#### II.2.4. Fondo para o Crecemento 2014, por 412 millóns de euros

Continuando coa iniciativa que comezou nos orzamentos do pasado ano, os orzamentos para o 2014 identifican unha serie de medidas e actuacións do Plan estratéxico 2010-2014 que se instrumentan, vertebran e coordinan nun “Fondo para o Crecemento”, vertebrado arredor das liñas prioritarias:

1. Potenciación da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación
2. Fortalecemento das infraestruturas de comunicación, mellorando a conectividade de Galicia tanto a nivel nacional coma internacional
3. Dinamización económica, mellorando o tecido empresarial e industrial
4. Mellorar o posicionamento estratéxico dos sectores agrogandeiro, acuícola e pesqueiro
5. Formación, capacitación e empregabilidade
6. Mellorar os investimentos en infraestruturas socias

Cadro XLII: Orzamento 2014 - Plan Estratéxico

(E) EIXO / (OE) OBXECTIVO ESTRATÉXICO	2013	2014	PESO RELATIVO
E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	6.136	6.106	74%
E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	1.227	1.135	14%
E3 - Economía do Coñecemento.	329	318	4%
E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	368	319	4%
E5 - Administración austeras, eficiente e cercana ao cidadán.	309	332	4%
Total xeral	8.369	8.210	100%

Baixo os criterios de clasificación do Plan estratéxico, confirmase a concentración dos recursos presupostados no eixe I, que se corresponde en termos xerais cos servizos esenciais para os cidadáns, sendo asemade relevante o volume e peso específico do eixe 2, para a dinamización económica, o crecemento e o emprego, e consolidando o gasto no eixo 3 onde se orzamento o gasto en I+D+i e en novas tecnoloxías

As medidas que se orzamentarán no ano 2013 coa finalidade de impulsar o crecemento económico de Galicia non só foron priorizadas na asignación de recursos no orzamento do 2013, senón que a execución durante o exercicio amosa que acadaron un nivel de compromiso do 94%, primando dentro delas a execución das medidas destinadas

os emprego e a apoio aos sectores produtivos, e as medidas destinadas a acadar unha sociedade competitiva baseada no I+D+i

Cadro XLIII: Fondo para o crecemento económico de Galicia, execución orzamento 2013

Eixes e obxectivos PEG	Dotación Fondo	Compromisos	Obrigas	Gasto comprometido	Gasto executado
<b>E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.</b>	<b>13.585</b>	<b>9.675</b>	<b>3.532</b>	<b>71%</b>	<b>37%</b>
OE01 - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	2.343	1.920	15	82%	1%
OE04 - Atención ao benestar social	3.168	2.017	928	64%	46%
OE05 - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	8.075	5.738	2.588	71%	45%
<b>E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.</b>	<b>247.603</b>	<b>240.570</b>	<b>96.450</b>	<b>97%</b>	<b>40%</b>
OE01 - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	64.999	51.399	34.839	79%	68%
OE02 - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	24.059	75.019	9.365	312%	12%
OE03 - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	110.770	99.018	48.346	89%	49%
OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	47.775	15.134	3.900	32%	26%
<b>E3 - Economía do Coñecemento.</b>	<b>97.600</b>	<b>94.593</b>	<b>44.275</b>	<b>97%</b>	<b>47%</b>
OE01 - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	23.352	10.554	4.525	45%	43%
OE02 - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos	74.248	84.039	39.749	113%	47%
<b>E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.</b>	<b>23.550</b>	<b>14.772</b>	<b>3.825</b>	<b>63%</b>	<b>26%</b>
OE02 - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	23.550	14.772	3.825	63%	26%
<b>E5 - Administración auster, eficiente e cercana ao cidadán.</b>	<b>3.846</b>	<b>2.224</b>	<b>1.639</b>	<b>58%</b>	<b>74%</b>
OE01 - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	3.846	2.224	1.639	58%	74%
<b>Total general</b>	<b>386.184</b>	<b>361.834</b>	<b>149.720</b>	<b>94%</b>	<b>41%</b>

(miles €)

Fonte: Consellería de Facenda

Nos orzamentos para o ano 2014, do total de gasto orzamentado, o importe das actuacións priorizadas e incluídas no "Fondo para o Crecemento" é de 412,3 millóns €, que se distribúen conforme aos eixes do Plan estratéxico da maneira seguinte

Cadro XLIV: Fondo para o crecemento económico de Galicia 2014

Eixes e obxectivos PEG	Orzamento 2014
<b>E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.</b>	<b>14.695</b>
OE01 - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	2.440
OE04 - Atención ao benestar social	3.092
OE05 - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	9.163
<b>E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.</b>	<b>245.920</b>
OE01 - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	62.424
OE02 - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	20.729
OE03 - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	121.072
OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	41.695
<b>E3 - Economía do Coñecemento.</b>	<b>96.165</b>
OE01 - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	38.311
OE02 - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	57.855
<b>E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.</b>	<b>43.768</b>
OE02 - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	33.394
OE03 - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	10.374
<b>E5 - Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.</b>	<b>11.776</b>
OE01 - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	11.776
<b>Total general</b>	<b>412.324</b>

(miles €)

A maior concentración do Fondo prodúcese arredores dos eixes 2 e 3, os máis vinculados coa competitividade, con investimentos por 245 e 96 millóns de euros para o desenvolvemento empresarial e a innovación. Os obxectivos estratéxicos con maiores importes son “Competitividade dos sectores estratéxicos”, “Promoción e emprego das TIC en tódolos ámbitos”, “Accesibilidade do territorio e redes de transporte”, “Construír unha sociedade competitiva baseándose na I+D+i” e “Cualificación dos traballadores e mellora das condicións de empregabilidade” que supoñen, entre os cinco, máis de 320 millóns de euros de investimento.


### II.2.5. *Investimento con perspectiva territorial*

A distribución provincial dos investimentos recollidos dos capítulos VI, VII, VIII e os investimentos dos Organismos mostra o carácter de reequilibrador dos orzamentos, cunha discriminación positiva a favor das provincias de Lugo e Ourense, que reciben uns investimentos per-cápita de 728 €/hab. e 704 €/hab. respectivamente, fronte aos 478 €/hab. e 484 €/hab. para A Coruña e Pontevedra, constituíndo ea distribución territorial un elemento compensatorio da situación mais desfavorable en canto a renda e poboación.

Cadro XLV: *Investimento total por provincia*

PROVINCIAS	Capítulos VI, VII, VIII e financiamento específico (M€)
CORUÑA	543,38
LUGO	251,54
OURENSE	229,69
PONTEVEDRA	461,98

Gráfico XXXIV: *Investimento per cápita*



### II.3. NOVAS MEDIAS TRIBUTARIAS

O escenario tributario para o exercicio 2014 responde ás recomendacións que reiteradamente veñen facendo o Fondo Monetario Internacional (FMI) e a Comisión Europea para introducir un sistema tributario compatible cos esforzos de saneamento orzamentario e máis favorable ao crecemento, e que inclúa desprazar a presión fiscal sobre o traballo ao consumo.

Así se recolle no informe do FMI de xullo de 2012 de recomendacións para España<sup>4</sup> e na recomendación do Consello sobre o Programa Nacional de Reformas de 2012 pola que se emite un ditame do Consello sobre o Programa de Estabilidade de España para 2012-2015, no seu considerado número 10 que expresamente sinala que “a eficiencia do sistema tributario pode mellorarse, ademais, aumentando a proporción de impostos indirectos máis favorables ao crecemento”, ou no Taxation Paper 34 sobre reformas fiscais dos estados membros.<sup>5</sup>

Seguindo estas recomendacións, no orzamento para 2014 inclúense medidas acordadas coa necesidade de dar máis preponderancia á imposición indirecta e rebaixar a presión fiscal sobre o traballo e a imposición directa.

A continuación detállanse as medidas tributarias contempladas na lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

No Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas introdúcense as seguintes modificacións:

Por unha banda régúlase a escala autonómica do imposto, establecendo unha redución do tipo de gravame autonómico para os contribuíntes cuxa base liquidable xeral sexa igual ou inferior a 17.707,20 euros, que pasa do 12% ao 11,5%, manténdose a escala do ano 2013 para o resto de contribuíntes.

Por outra banda amplíanse as contías das deducións destinadas ao fomento da natalidade do seguinte xeito:

Incrementéntase a dedución por nacemento ou adopción de fillos de 300 a 360 euros para contribuíntes cuxa base imponible total menos os mínimos persoal e familiar sexa menor ou igual a 22.000 euros.

Esta dedución elevarase nun 20% para os contribuíntes que residan en municipios de menos de 5.000 habitantes, así coma aqueles resultantes dos procesos fusión.

<sup>4</sup> Páxina 21, punto 29: “(...) increase indirect tax revenue by broadening the base and raising and unifying rates, especially on VAT and excises (...)”

<sup>5</sup> Informe 2012, Cadro I.1, páxina 16: “(...) Growth-friendly tax policies should aim to broaden tax bases and raise indirect taxation if necessary, while not increasing direct taxation.”

Así mesmo duplácase o importe do límite da dedución por coidado de fillos menores, pasando de 200 a 400 euros.

No Imposto sobre Sucesións e Doazóns modifícanse os requisitos para o acollemento á redución do 99% que se aplica na base imponible da modalidade de doazóns, nos casos de transmisión de participacións inter vivos dunha empresa individual ou dun negocio profesional ou de participacións en entidades, ao permitir a coexistencia no exercicio de labores de dirección por parte do doador e do donatario durante un prazo máximo dun ano dende que se produce a transmisión.

No Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados establécese unha dedución na cota do 92,5% cando se realice o feito imponible a que se refire o artigo 13 do texto refundido da lei reguladora de dito imposto, sempre que se trate da primeira concesión ou autorización e se refira a enerxías renovables, definidas no artigo 2 da Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

No imposto sobre hidrocarburos establécense novos tipos de gravame autonómicos para determinados produtos comprendidos nas categorías xenéricas de gasolinas (que pasa de 24 euros por cada 1.000 litros a 48 euros), gasóleo de uso xeral (que pasa de 12 euros por cada 1.000 litros a 48 euros), fuelóleo (que pasa de 1 euro por tonelada a 2 euros) e queroseno (que pasa de 24 euros por cada 1.000 litros a 48 euros).

Mantense, por tanto, o tipo de gravame 0 para os gasóleos de usos especiais e calefacción e introdúcese a devolución de 36 euros por cada 1.000 litros de gasóleo de uso xeral para os titulares dos vehículos destinados ao transporte de mercancías e pasaxeiros por carretera, incluídos os taxis.

O rendemento derivado da aplicación deste tipo autonómico aféctase por lei ao financiamento dos gastos de natureza sanitaria.

Finalmente, en materia de xogo, establécese o devengo trimestral para a taxa fiscal que grava as máquinas así como se modifica a fórmula para o cálculo da cota das denominadas máquinas ou aparellos multiposto, e en relación co xogo do bingo, se simplifica a normativa reguladora da súa fiscalidade, unificándose a súa tributación nunha soa figura tributaria e introducíndose unha nova forma de determinación da base imponible, baseada no "win", isto é, por diferenza entre o valor facial dos cartóns xogados e o importe dos premios repartidos.

## II.4. DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERÍA E ORGANISMOS ESTATUTARIOS

O cadro recollido a continuación mostra as variacións do orzamento total de cada sección de gasto, como pode verse salvo as variacións resultado das necesidades de amortización na sección 22 e no IGAPE polo vencemento da liña de crédito a empresas do BEI en industria, e dicir salvo as variación do capítulo IX, o orzamento das diferentes seccións oscila entre aumentos e diminucións de 1-2 puntos porcentuais.

*Cadro XLVI: Orzamento*

	2.013	2.014	var abs	tva 14-13
1.01 - PARLAMENTO	19	18	-1	-4%
1.02 - CONSELLO DE CONTAS	7	7	0	-2%
1.03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA	2	2	0	-2%
1.04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	268	260	-8	-3%
1.05 - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	202	204	2	1%
1.06 - CONSELLERÍA DE FACENDA	55	51	-3	-6%
1.07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	448	428	-20	-4%
1.08 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	255	199	-56	-22%
1.09 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	2.169	2.148	-21	-1%
1.10 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	3.419	3.399	-21	-1%
1.11 - CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	741	727	-14	-2%
1.12 - CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	627	583	-44	-7%
1.20 - CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	2	2	0	-1%
1.21 - TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS	114	113	-1	-1%
1.22 - DÉBEDA PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	1.111	2.071	960	86%
1.23 - GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS	45	69	24	53%
<b>TOTAL</b>	<b>9.484</b>	<b>10.281</b>	<b>797</b>	<b>8%</b>

consolidado 2014-2013 homoxeneizado

### II.4.1. Obxectivos e prioridades de gasto nos Orzamentos para 2014.

A asignación financeira dos Orzamentos Xerais para 2014 rexíuse pola cobertura das necesidades recorrentes dimanantes do funcionamento dos servizos públicos e polas prioridades de gasto atendendo aos eixes e obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 Horizonte 2020.

A través desta asociación, os orzamentos son coherentes cos cinco obxectivos claves que a UE pretende alcanzar ao final da década nos eidos do emprego, investigación e innovación, cambio climático e enerxía, educación, e integración social e redución da pobreza, e que se traducen nos seguintes parámetros:

- Acadar unha taxa de emprego do 75% para a poboación de entre 20 e 64 anos.



- Investir un 3% do Produto Interior Bruto (PIB) na investigación e o desenvolvemento.
- Reducir nun 20% as emisións de carbono (e, se as condicións o permiten, nun 30%) respecto dos niveis de 1990, aumentar hasta o 20% as enerxías renovables, e aumento do 20% na eficiencia enerxética.
- Reducir a taxa de abandono escolar a menos do 10% e aumentar ata o 40% a taxa de titulados do ensino superior.
- Reducir en 20 millóns o número de persoas en situación o resgo de pobreza e exclusión social.

*Cadro XLVII: Obxectivos da estratexia "Europa 2020"*

Obxectivos da estratexia "Europa 2020"	
Taxa de emprego (persoas entre 20 e 64 anos)	75%
Gasto bruto en I+D sobre o PIB (%)	3%
Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (en comparación con niveis de 1990)	-20%
Fontes de enerxías renovables	20%
Eficiencia enerxética (redución do consumo de enerxía en Mtep)	20%
Abandono escolar	< 10%
Ensinanza superior (en %)	40%
Redución da poboación en risco de pobreza ou exclusión social (nº de persoas)	20 millóns

Fonte: Consellería de Facenda

Estes obxectivos concréntanse en obxectivos nacionais e rexionais que deben alcanzarse combinando medidas ás escadas rexionais, nacionais e europeas. Están relacionados entre si e poténcianse mutuamente:

- As melloras educativas contribúen a empregabilidade e a redución da pobreza.
- O crecemento das inversións en I+D e en innovación na economía, unidas aos recursos máis eficaces, farán crear máis emprego e ser máis competitivos.
- Investir en tecnoloxías máis limpas combate o cambio climático e crea novas oportunidades de negocios e emprego.

No marco da estratexia anterior, os indicadores chave definidos polo Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, horizonte 2020, fan referencia a un crecemento económico, nunha economía aberta, competitiva, baseado co coñecemento, que empregue as novas tecnoloxías, xeradora de emprego de calidade, e solidaria na integración social e na sustentabilidade dos recursos. Trátase, ao tempo, de indicadores coincidentes ou coherentes, sempre adoitados para facer efectivos os principios da estratexia europea "Europa 2020" dun crecemento, intelixente, sostible e integrador. Deles, o cadro adxunto mostra a evolución temporal recente, así como os obxectivos fixados no Plan.

Cadro XLVIII: PEG Galicia 2010-2014. Obxectivos de Crecemento, Coñecemento e Integración social

Indicador	2009			2010				2011		2014		2020	
	Galicia	España	UE-27	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia
<b>Crecemento</b>													
PIB pc PPA (UE27=100)	92,6	103	100	91,2	-	95	100						
Taxa de emprego entre 15 e 64 anos (*)	62,4	59,8	64,6	60	-	> 65	> 75						
Taxa de emprego	48,3	49,1	-	46,2	45,6								
Taxa de apertura	107,2	49,6	72,5	110,9	114,3	120	135						
<b>Coñecemento</b>													
Abandono educativo temperán (*)	26	31,2	14,4	23,1	20,8	< 18	< 10						
Persoas con baixos niveis educativos (*)	51,9	48,5	27,9	51,1	49,1	46	41						
Gasto en I+D en relación ao PIB (*)	1	1,4	2	1	-	> 1,7	3						
Vivendas con conexión de banda larga (*)	38,3	51,3	56	46,5	51,6	> 60	> 75						
Empresas con conexión a internet, sitio web e posibilidade de pedidos ou reservas en liña (*)	10,2	12,1	-	9,8	9,4	13	16						
<b>Integración social</b>													
Taxa de risco de pobreza (*)	14,3	20,7	16,4	14,3	-	13,2	11,5						
Taxa de desemprego de longa duración (*)	3,3	4,3	3	5,5	7,1	3	2,6						
<b>Sostibilidade</b>													
Fontes de enerxía renovables (*)	78,8	25,7	18,2	94,5	-	85,1	94,6						
Emisións de gas efecto invernadoiro (*)	101,8	130	83	-	-	95,7	80						
Intensidade enerxética primaria (*)	267	168,1	165,2	288	-	245,6	213,6						

(\*) indicador relacionado coa estratexia europea 2020

Fonte: Eurostat


A planificación formulada no PEG, que asume como prioridades propias os principios orientadores da estratexia Europa 2020, recolle tres niveis de obxectivos: un Obxectivo Global, cinco Eixes de actuación e dezaseis Obxectivos Estratéxicos (OE). O importe asignado no Orzamentos xerais para o ano 2014 ascende a 8.369 millóns de euros, cifra na que non se contemplan nin os gastos derivados da débeda pública (Programa de gasto 911A) nin as achegas público privadas para o financiamento de determinadas infraestruturas.

A distribución do importe total entre os eixes e obxectivos estratéxicos do PEG para 2014 resulta segundo o cadro seguinte:

Cadro II: PEG Galicia no Orzamento 2014.

(E) EIXO / (OE) OBXECTIVO ESTRATÉGICO	2013	2014	PESO RELATIVO
<b>E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.</b>	<b>6.136</b>	<b>6.106</b>	<b>74,4%</b>
OE01 - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	29	29	0,5%
OE02 - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas	3.406	3.398	55,7%
OE03 - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	2.132	2.114	34,6%
OE04 - Atención ao benestar social	396	395	6,5%
OE05 - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	173	170	2,8%
<b>E2 - Dinamización económica, Creceamento e Emprego.</b>	<b>1.227</b>	<b>1.135</b>	<b>13,8%</b>
OE01 - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	270	254	22,4%
OE02 - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	160	141	12,4%
OE03 - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	594	556	49,0%
OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	202	183	16,2%
<b>E3 - Economía do Coñecemento.</b>	<b>329</b>	<b>318</b>	<b>3,9%</b>
OE01 - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de creceamento	110	123	38,7%
OE02 - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	219	195	61,3%
<b>E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.</b>	<b>368</b>	<b>319</b>	<b>3,9%</b>
OE01 - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	112	97	30,4%
OE02 - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	227	201	63,2%
OE03 - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	29	20	6,4%
<b>E5 - Administración auster, eficiente e cercana ao cidadán.</b>	<b>309</b>	<b>332</b>	<b>4,0%</b>
OE01 - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	148	221	66,5%
OE02 - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	161	111	33,5%
<b>Total xeral</b>	<b>8.369</b>	<b>8.210</b>	<b>100%</b>


Gráfico XXXV: Orçamento 2014 con perspectiva PEG:



- E5 - Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.
- E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.
- E3 - Economía do Coñecemento.
- E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.
- E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.

Gráfico XXVI: Desglose do eixo 1

**DISTRIBUCIÓN POR OBXECTIVOS ESTRATEXICOS DO EIXO 1**



Fonte: Consellería de Facenda

A distribución por eixes, manifesta, unha vez máis, que son os gastos destinados á Cohesión social, Benestar e Calidade de vida, os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía do mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos dirixidos á cidadanía de calidade, principalmente nos eidos da sanidade e a educación, xunto ao mantemento dos servizos e prestacións ás persoas dependentes, aos menores a ás persoas con discapacidade. Así mesmo recolle a promoción da igualdade de oportunidades dos homes e mulleres galegas, ofrecendo ás persoas que se atopan con especiais dificultades os recursos e servizos que lles garantan a súa inclusión social. Ascende o gasto neste eixe a 6.106 millóns de euros, e representa o 75 % do total do PEG.

En segundo lugar está a aposta por unha economía máis competitiva e dinámica, xeradora de emprego e empresas, o Eixe 2, cun orzamento total de 1.135 millóns de euros, o 14 % sobre o total. Neste eixe atópanse as novas infraestruturas de transporte, así como a súa conservación, que melloran a accesibilidade e permitirán unha redución dos traxectos por estrada e unha mellora da seguridade viaria. No tocante á economía galega figuran tanto o fomento pola internacionalización das empresas e produtos galegos, xunto ao apoio aos sectores produtivos, especialmente aqueles considerados de maior empuxe e os constituídos en clúster, polo seu efecto de panca na economía. Atopan así mesmo reflexo neste eixe os gastos dirixidos aos mercados laborais, coa finalidade de acadar mais emprego e de maior calidade, a través de políticas activas xestionadas polo servizos públicos de emprego, incorporando créditos para a mellora da formación e cualificación dos traballadores e traballadoras galegas.

O Eixe 3 destinado á economía do coñecemento, presenta un orzamento de 318 millóns de euros e o 4 % do total, destinado fundamentalmente a dous grandes ámbitos: a intensificar e fomentar a investigación e o desenvolvemento, tanto no sistema público galego, no que as Universidades cobran especial relevancia, como a investigación nos centros tecnolóxicos e nas empresas, propiciando a transferencia tecnolóxica ao sector produtivo, para xerar novos procesos e produtos, que fagan a nosa economía máis competitiva e moderna. Tamén neste eixo se inclúen os gastos dirixidos a fomentar unha sociedade da información accesible a toda a cidadanía galega, coa extensión da banda longa e as infraestruturas derivadas a todo o territorio galego, apoiando as empresas galegas para que melloren o seu capital tecnolóxico e a súa competitividade. Inclúese asemade a defensa da comunicación social, da cultura e do idioma galego.

O Eixe 4 presenta un importe de 319 millóns de euros e o 4 % do total. Contén as políticas de defensa do medio natural e da paisaxe, unha xestión da auga eficiente e as de reequilibrio territorial apostando pola diversificación da economía do rural e por un planeamento urbanístico sostible. Tamén se integra neste eixe o orzamento para a eficiencia enerxética, coa potenciación da produción e do consumo d enerxías renovables e a mellora da rede eléctrica e de gas de Galicia.

O Eixe 5, alcanza os 332 millóns de euros e representa o 4 % do orzamento. Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha administración eficiente e baseada na austeridade do gasto, que sexa moderna e achegada á cidadanía, cunha aposta pola administración electrónica, posibilitando o uso das TIC en todos os ámbitos de actuación. Así mesmo comprende as políticas de reforzo da capacidade financeira e institucional.

Un apartado especial dos Orzamentos Xerais para 2014 está constituído polo “Fondo para o Crecemento”, que constitúe un instrumento de política económica cara os seguintes obxectivos sectoriais:

1. Potenciación da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación
2. Fortalecemento das infraestruturas de comunicación, mellorando a conectividade de Galicia tanto a nivel nacional coma internacional
3. Dinamización económica, mellorando o tecido empresarial e industrial
4. Mellorar o posicionamento estratéxico dos sectores agrogandeiro, acuícola e pesqueiro
5. Formación, capacitación e empregabilidade
6. Mellorar os investimentos en infraestruturas sociais

O seu importe global é de 412 millóns de euros, e os proxectos e actuacións que o integran” identifícanse dentro dos correspondentes eixes e obxectivos prioritarios dos orzamentos segundo unha distribución que permite a coordinación e seguimento das actuacións definidas polos diferentes departamentos:

*Cadro L:Fondo para o crecemento económico de Galicia 2014*

Eixes e obxectivos PEG	Orzamento 2014
<b>E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.</b>	<b>14.695</b>
OE01 - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	2.440
OE04 - Atención ao benestar social	3.092
OE05 - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	9.163
<b>E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego.</b>	<b>245.920</b>
OE01 - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	62.424
OE02 - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	20.729
OE03 - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	121.072
OE04 - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	41.695
<b>E3 - Economía do Coñecemento.</b>	<b>96.165</b>
OE01 - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	38.311
OE02 - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	57.855
<b>E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.</b>	<b>43.768</b>
OE02 - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	33.394
OE03 - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	10.374
<b>E5 - Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.</b>	<b>11.776</b>
OE01 - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	11.776
<b>Total general</b>	<b>412.324</b>

(miles €)

Fonte: Consellería de Facenda

O tomo dos Orzamentos Xerais correspondente á “Memoria de Obxectivos e Programas” contén de modo detallado a distribución dos investimentos do “Fondo para o Crecemento” entre os obxectivos e medidas prioritarias dos orzamentos.

Asemade, e como ven sendo habitual, na mesma Memoria de Obxectivos e Programas se dispón de exhaustiva información dos indicadores operativos e de avaliación asociados ás partidas de gasto, co que se posibilita a valoración da eficacia e impacto das actuacións de gasto recollidas nos orzamentos.

### Estratexia 2020.


Europa 2020 é a estratexia de crecemento da UE para a próxima década. A actual crise non é un acontecemento excepcional que nos permita pensar que agora que inicia o crecemento de novo podemos reanudar as nosas ocupacións como se non acontecera nada. Os retos que Galicia están fondamente vencellados a os de toda a UE, e son maiores que antes da recesión, mentres que a marxe de manobra é limitada.

Además, o resto do mundo non quedou parado esperando pola “vella Europa”. O papel reforzado do G-20 amosa o crecente poder económico e político dos países emerxentes.

Europa debe proceder a unha elección difícil pero estimulante: ou somos quen de enfrentarnos colectivamente ao reto inmediato da recuperación e aos retos a longo prazo (mundialización, presión sobre os recursos, avellentamento) a fin de compensar as recentes perdas, recuperar competitividade, potenciar a produtividade e voltar a encarrilar á UE pola senda da prosperidade («recuperación sostible»), ou continuamos cun ritmo de reformas lento e, en grande parte, non coordinado, co risco de desembocar nunha perda permanente de riqueza, una baixa taxa de crecemento («recuperación morna»), altos niveis de desemprego e desamparo social, e un declive relativo na escena mundial («década perdida»).

Tres hipóteses para Europa no 2020:


- Hipótese I: Recuperación sostible



Europa é quen de recuperar plenamente a súa anterior senda de crecemento e de incrementar o seu potencial para seguir avanzando




- Hipótese 2: Recuperación morna



Europa sofre unha perda permanente de riqueza e comenzará a crecer de novo a partires de esta base erosionada

- Hipótese 3: Década perdida



Europa sofre unha perda permanente de riqueza e de potencial de crecemento futuro

As metas da estratexia Europa 2020 non so atinxen á superación da crise, tamén persegue subsanar as eivas do noso modelo de crecemento e crear as condicións propicias para un tipo de crecemento distinto, máis intelixente, sostible e integrador.

Deben ser mensurables, capaces de reflejar las diferentes situaciones de los Estados miembros y basados en datos suficientemente fiables a efectos comparativos. Los siguientes objetivos han sido seleccionados con arreglo a dichos criterios y su consecución será vital para alcanzar con éxito el año 2020:

Nun mundo en transformación, preténdese que a UE desenvolva unha economía

intelixente, sostible e integradora. O núcleo de Europa 2020 consta de tres prioridades:

- Crecimiento intelixente: desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación.
- Crecemento sostible: promoción dunha economía que empregue de xeito máis eficaz os recursos, que sexa verde e máis competitiva.
- Crecimiento integrador: fomento dunha economía cun alto nivel de emprego que redunde na cohesión económica, social e territorial.

Estas tres prioridades, reforzanse mutuamente, e contribuirán a que a UE e os seus Estados membros xeren altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social.

Por elo, a Unión fixou para 2020 cinco ambiciosos obxectivos en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía. En cada unha destas áreas, cada Estado membro tamén fixa os seus propios obxectivos. A estratexia basease en medidas concretas tanto da Unión como dos Estados membros. (Cadro XXX)

1. O nivel de emprego da poboación de entre 20 e 64 anos debería aumentar do 69 % actual a, alo menos, o 75 % mediante, entre outras cousas, unha maior participación das mulleres e os traballadores maiores e unha mellor integración dos inmigrantes na poboación activa;
2. Na actualidade, a UE ten como obxectivo investir o 3 % do seu PIB en I+D. Este obxectivo serve para centrar a atención na necesidade de que tanto o sector público coma o privado invistan en I+D, pero centrase máis nos investimentos que no impacto. Precísase mellorar as condicións do I+D na UE e moitas das medidas previstas na estratexia 2020 así o fan. Proponse manter o obxectivo do 3 %, pero desenvolver simultaneamente un indicador que reflicta a intensidade da I+D+i.
3. Reducir as emisións de gases de efecto invernadeiro a lo menos nun 20 % en comparación cos niveis de 1990, ou nun 30 % se existe un compromiso de outros países desenvolvidos ao efecto; incrementar a porcentaxe das fontes de enerxía renovables no noso consumo final enerxético ata un 20 % e nun 20 % a eficacia enerxética.
4. Un obxectivo educativo centrado nos resultados, que aborde o problema do abandono escolar, reducíndoo ao 10 % dende o actual 15 % e que incremente a porcentaxe da poboación de entre 30 e 34 anos que finaliza a ensinanza superior do 31 % a polo menos o 40 % no 2020;
5. O número de europeos que viven baixo os umbrais nacionais de pobreza (o 60 % dos ingresos medios dispoñibles nun Estado) debería reducirse nun 25 %, rescatando así a máis de 20 millóns de persoas da pobreza.

Cadro LI: Obxetivos e estratexia 2020

Obxetivos dos Estados membros/a UE	Taxa de emprego (en %)	I+D (en % do PIB)	Obxectivos de redución de emisións de CO2	Enerxías renovables	Eficiencia enerxética – redución do consumo de enerxía (en Mtep)	Abandono escolar (en %)	Ensinanza superior (en %)	Redución da pobreza ou exclusión social (en número de persoas)
Obxectivo principal da UE	75%	3%	-20% (en comparación cos niveis de 1990)	20%	20 % de aumento da eficiencia enerxética equivalente	10%	40%	20 000 000
Estimación UE (suma obx nacionais)	73,70-74 %	2,65-2,72 %	-20% (en comparación cos niveis de 1990)	20%	206,9 Mtep	10,30-10,50 %	37,50-38,0 %	Non é posible calcular o resultado debido ás diferencias entre as metodoloxías nacionais
ES	74%	3%	-10%	20%	25,2	15%	44%	1.400.000-1.500.000

A estratexia recolle ademais sete “iniciativas emblemáticas” que son o marco no que a UE e as administracións nacionais poden vencellar esforzos e reforzarse mutuamente en áreas relacionadas coas prioridades de Europa 2020, como a innovación, a economía dixital, o emprego, a mocidades, a política industrial, a pobreza e o uso eficiente dos recursos.

Cadro LI:

OBXECTIVO	INICIATIVA EMBLEMÁTICA	CONTIDO
1. Crecemento intelixente	1. Unha axenda dixital para Europa	Crear un mercado dixital único baseado na <b>Internet rápida e ultrarrápida e en aplicacións interoperables</b> .
	2.Unión pola innovación	Centrar de novo a política de I+D e innovación nos <b>grandes retos que afronta a nosa sociedade</b> como o cambio climático, a eficiencia enerxética e do uso de recursos, a sanidade e o cambio demográfico Reforzar cada unha das pezas da cadea de innovación, dende a investigación "pura" ata a comercialización.
	3. Xuventude en movemento	Aumentar as oportunidades dos mozos para atopar traballo axudando a estudantes e becarios a obter experiencia noutros países e mellorando a calidade e o atractivo da educación e a formación na Europa.
2. Crecemento sostible	4.Unha Europa que empregue eficazmente os recursos	Para apoiar a transición a unha economía que empregue os recursos con eficacia e emita pouco carbono, o noso crecemento debe dissociarse da utilización de recursos e enerxía:reducindo as emisións de CO2, fomentando unha maior seguridade enerxética, reducindo o contido de recursos de todo o que empregamos e consumimos.
	5. Unha política industrial para a era da mundialización	A UE precisa unha política industrial que apoie ás empresas, sobre todo as pequenas, á hora de responder ante a globalización, a crise económica e a transición a unha economía de baixas emisións de carbono: apoiando o emprendemento para facer ás empresas europeas máis fortes e competitivas, abordando todos os elementos de unha cadea de valor cada vez máis internacional, dende o acceso ás materias primas ate os servizos posventa.
3. Crecemento integrador	6. Unha axenda de novas cualificacións e empregos	Axenda de novas cualificacións e empregos: dar un novo pulo ás reformas do mercado laboral e axudar a obter a capacitación correcta para futuros traballos, crear novos postos de traballo e revisar a normativa de emprego da UE.
	7. Plataforma europea contra a pobreza	Plataforma europea contra a pobreza e a exclusión social: intensificar os esforzos a todos os niveis para acadar o obxectivo acordado pola UE de sacar a lo menos a 20 millóns de persoas da pobreza e a exclusión de aquí a 2020.

### A nova gobernanza europea, o semestre europeo.

O éxito de Europa 2020 depende de que a UE e as administracións nacionais adiquen un esforzo decidido e ben enfocado. A UE está tomando decisións fundamentais para completar o mercado único dos servizos, a enerxía e os produtos dixitais e para investir en enlaces transfronterizos esenciais. As administracións nacionais deben eliminar moitos obstáculos á competencia e a creación de emprego. Da capacidade de sumar e coordinar esforzos das administracións implicadas dependerá acadar os efectos desexados en crecemento e emprego.

De ahí a necesidade de desenvolver novas estruturas e procesos de gobernanza no seo da UE, e que se veñen desenvolvendo dende 2010. Un dos máis importantes é o Semestre Europeo, o ciclo anual de coordinación de políticas económicas no que intervéñen as orientacións políticas da Comisión Europea e do Consello, os compromisos de reforma dos Estados membros e as recomendacións específicas para cada país, elaboradas pola Comisión e aprobadas ao máis alto nivel polos dirixentes nacionais no Consello Europeo. De seguido, os Estados membros deben ter en conta estas recomendacións nas súas políticas e orzamentos.

Todos os Estados membros comprometéronse a acadar os obxectivos de Europa 2020 e os concretaron en obxectivos e políticas nacionais para potenciar o crecemento.

Na medida en que os esforzos individuais se terán o impacto esperado no crecemento se están ben coordinados e enfocados, a Comisión Europea estableceu un ciclo anual de coordinación das políticas económicas denominado o Semestre Europeo. Cada ano, a Comisión Europea analiza pormenorizadamente os programas de reformas económicas e estruturais dos Estados membros e ofrece as súas recomendacións para os 12-18 meses seguintes.

O Semestre Europeo comeza cando a Comisión adopta a súa Enquisa Anual sobre o Crecemento, normalmente a finais de ano, que establece as prioridades da UE para o exercicio seguinte co gallo de impulsar o crecemento e a creación de emprego.

En marzo, os Xefes de Estado y de Goberno da UE presentan as orientacións da UE para as políticas nacionais, baseadas na Enquisa Anual sobre o Crecemento e, partindo de esta, na reunión de primaveira do Consello Europeo se analizan:

- i. a situación macroeconómica xeral
- ii. os avances na consecución dos cinco obxectivos para toda a UE
- iii. os avances nas iniciativas emblemáticas.

O Consello Europeo ofrece orientacións sobre os aspectos orzamentarios e ma-

croeconómicos e sobre as cuestións relacionadas coa reforma estrutural e o crecemento, e da consellos sobre as conexións entre todos eles.

En abril, os Estados membros presentan os seus plans para acadar unhas finanzas públicas saneadas (Programas de Estabilidade ou Convergencia), así como as reformas e medidas para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador en áreas como o emprego, a investigación, a innovación, a enerxía ou a integración social (os coñecidos Programas Nacionais de Reforma).

En maio/xuño, a Comisión avalía esos programas e presenta, no seu caso, recomendacións dirixidas a cada país. O Consello debate estas recomendacións e o Consello Europeo as aproba de seguido. Deste xeito, os Estados membros dispoñen destas orientacións antes de pechar os seus proxectos de orzamentos para o ano seguinte.

Por último, a finais de xuño ou principios de xullo, o Consello adopta oficialmente as recomendacións para cada país.

Se os Estados membros ignoran as recomendacións e non toman medidas no prazo establecido, poden recibir advertencias. No caso de desequilibrios macroeconómicos e orzamentarios excesivos, tamén se pode recorrer a incentivos e sancións.

Para aplicar as políticas requiridas e garantir un amplo respaldo, mantense unha estreita cooperación co Parlamento Europeo e outros órganos consultivos da UE (Comité das Rexións e Comité Económico e Social Europeo) e se persegue a participación activa dos parlamentos nacionais, os interlocutores sociais, as rexións e outras partes interesadas.

De seguido recollense as recomendacións da Comisión sobre o PNR do reino de España.

### Recomendacións a España sobre o Plan Nacional de Reforma.

De conformidade co artigo 5, apartado 2, do Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello se formulan una serie de recomendacións sobre o PNR que guiarán a actividade reformista do Goberno de España no vindeiro exercicio.-

- I. Realizar o esforzo presupostario estrutural esixido pola Recomendación do Consello con arranxo ao procedemento de déficit excesivo co fin de garantir a corrección de dito déficit no 2016 como moito e, con ese fin, aplicar as medidas adoptadas nos plans presupuestarios de 2013 a todos os niveis da administración pública, e reforzar a estratexia presupostaria a medio prazo con medidas estruturais suficientemente específicas para o período 2014-2016; a corrección duradeira dos desequilibrios presupos-

tarios baséase na aplicación crible de ambiciosas reformas estruturais que aumenten a capacidade de axuste e impulsen o crecemento potencial e o emprego; unha vez consígase a corrección do déficit excesivo, proseguir o axuste estrutural a un ritmo apropiado, de maneira que se consiga o obxectivo a medio prazo en 2018 como moito; garantir a aplicación rigorosa e transparente das medidas preventivas e correctoras establecidas na Lei orgánica de estabilidade presupostaria; establecer unha autoridade fiscal independente antes do final de 2013 que proporcione análises e asesoramento e supervise a conformidade da política presupostaria coas normas presupostarias nacional e da UE; mellorar a eficiencia e a calidade do gasto público a todos os niveis da Administración e levar a cabo un exame sistemático das maiores partidas de gasto en marzo de 2014 como moito; aumentar a relación custe - eficacia do sector sanitario, mantendo ao mesmo tempo a accesibilidade de grupos vulnerables, por exemplo reducindo gasto farmacéutico dos hospitais, potenciando a coordinación entre os distintos tipos de asistencia sanitaria e mellorando os incentivos a favor dun uso eficiente dos recursos; tomar medidas para reducir os atrasos pendentes da Administración, evitar que se volvan a acumular e publicar regularmente datos sobre as cantidades pendentes; aprobar a Lei de desindexación para reducir o grado de inercia dos prezos no gasto e os ingresos públicos, de modo que estea en vigor a principios do 2014 como moito, e estudar medidas adicionais de limitación da aplicación das cláusulas de indexación, culminar ao final de 2013 como moito a regulación do factor de sostibilidade, a fin de garantir a estabilidade financeira a longo prazo do sistema de pensións, establecendo, entre outras cousas, que a idade de xubilación vaia aumentando en función da esperanza de vida.

2. Levar a cabo unha revisión sistemática do sistema tributario para marzo de 2014; considerar unha maior limitación dos gastos fiscais na imposición directa, explorar o marxe existente para unha maior limitación da aplicación dos tipos de IVE reducido e adoptar medidas adicionais no que respecta aos impostos medioambientais, sobre todo os impostos sobre os carburantes; adoptar medidas adicionais para reducir o nesgo a favor do endebedamento no imposto de sociedades; intensificar a loita contra a economía informal e o traballo non declarado.
3. Levar a cabo o programa do sector financeiro para a recapitalización das institucións financeiras, incluídas as medidas de fomento da intermediación non bancaria adoptadas en novembro do 2012..
4. Presentar modificacións, se é preciso sobre a reforma do mercado de traballo, en setembro de 2013 a máis tardar; adoptar o Plan Nacional de Emprego de 2013 a máis tardar en xullo de 2013, e realizar rapidamente unha reforma das políticas activas do mercado de traballo, orientadas á consecución de resultados, incluído o fortalecemento da focalización e a eficiencia das orientacións; reforzar e modernizar os servizos públicos de emprego para garantir unha asistencia individualizada aos desempregados según os seus perfís e necesidades de formación; reforzar a eficacia dos programas de recualificación para os traballadores de máis idade e de escasa cualificación; por totalmente en funcionamento o portal único de emprego e acelerar a

aplicación da colaboración público-privada nos servizos de colocación para garantir unha aplicación efectiva xa no 2013.

5. Aplicar as medidas de loita contra o desemprego xove expostas na Estratexia de Emprendemento e Emprego Xove 2013/2016 e efectuar un estreito seguemento da eficacia das mesmas, reducir o abandono escolar prematuro e potenciar a educación permanente, prorrogando a aplicación da formación profesional dual alén da actual fase piloto e introducindo un sistema global de seguemento do rendemento dos alumnos ao fin de 2013 a máis tardar.
6. Adoptar e aplicar as medidas precisas para reducir o número de persoas con risco de pobreza ou exclusión social reforzando as políticas activas dirixidas ao mercado de traballo, co fin de aumentar a empregabilidade das persoas con menor acceso ao mercado de traballo, e mellorando o objetivo, a eficiencia e a eficacia das medidas de apoio, incluídos servizos de axuda de calidade ás familias.
7. Aprobar e aplicar urxentemente o proxecto de Lei de Garantía da Unidade de Mercado e acelerar todas as accións complementarias precisas para a súa pronta aplicación; garantir a eficacia, autonomía e independencia do organismo regulador creado recentemente; antes do fin do 2013, aprobar e aplicar a Lei de Colexios e Servizos Profesionais e a Lei de Apoio ao Emprendedor; reagrupar e concentrar os rexímenes de apoio á internacionalización das empresas; reducir o número de procedementos de concesión de licencias e facelos máis curtos, tamén no caso das actividades industriais, e ampliar o uso do sistema de «licencia rápida» a actividades que non sexan minoristas; examinar os marcos de insolvencia para as empresas e os particulares, limitando a responsabilidade persoal dos empresarios e facilitando as segundas oportunidades para as empresas en creba; eliminar as restricións inxustificables ao establecemento de grandes superficies minoristas; en marzo de 2014 a máis tardar, examinar a eficacia do marco regulador respecto ao apoio ao desenvolvemento do mercado de aluguer de vivendas.
8. Abordar o déficit da tarifa eléctrica adoptando e aplicando unha reforma estrutural do sector da electricidade antes do final de 2013; intensificar os esforzos para completar as interconexións de gas e electricidade cos países veciños; reducir o pasivo contingente das finanzas públicas derivado das infraestruturas de transporte non rendibles; establecer unha avaliación nacional independente dos grandes proxectos de infraestrutura futuros; adoptar medidas para garantir a competencia efectiva nos servizos de transporte de mercadorías e pasaxeiros por ferrocarril.
9. Aprobar, con arranxo ao calendario presentado, a reforma da administración local e elaborar en outubro de 2013 a máis tardar un plano de aumento da eficiencia de toda a administración pública; adoptar e aplicar as reformas en curso para aumentar a eficiencia do sistema xudicial.

## Financiamento da estratexia 2020.

O estado actual das negociacións sobre o Marco financeiro plurianual da UE 2014-2020 de xullo de 2013, cuantifican as asignacións da Política de Cohesión para o conxunto da Unión Europea en 322.146 millóns de euros, a prezos de 2011, dos que o 7,8% corresponden a España. As cifras definitivas poden estar suxeitas a cambios no acordo final entre o Consello e o Parlamento Europeo.


Estes recursos destinaranse ao obxectivo de “investimento en crecemento e emprego” nun 96,5%, mentres que o 3,5% restante dedicaranse ao obxectivo de “cooperación territorial europea”.

Os Fondos Estruturais apoiarán o primeiro obxectivo e asignaranse territorialmente do seguinte xeito:

- a) o 48,2 % para as rexións menos desenvolvidas, aquelas nas que o promedio no período 2007-2009 do PIB per cápita medido en paridades de poder de adquisitivo (PIBpc PPS) é inferior ao 75% da media da UE27;
- b) o 10,8 % para as rexións de transición, rexións co PIBpc PPS entre o 75 e o 90% da media;
- c) o 16,3 % para as rexións máis desenvolvidas, é dicir, as que superan o 90% do PIB per cápita da UE27;
- d) o 20,9 % para os Estados membros apoiados polo Fondo de Cohesión, nos que non figura España;
- e) o 0,3 % como financiamento adicional para as rexións ultraperiféricas.



Gráfico XXXVII: Tipos de rexións beneficiarias de fondos estruturais 14-20



Galicia figura dentro das rexións máis desenvolvidas de Europa ao superar no período de referencia o 90% do PIB per cápita da Europa dos Vinte e Sete, sendo a única comunidade autónoma de España que pasa de ser rexión obxectivo I no período 2007-2013 a rexión máis desenvolvida no período 2014-2020.

A este respecto e para paliar mudas abruptas no financiamento estrutural, o borrador de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos distintos Fondos, establece no seu artigo 84.1 que “as rexións cuxo PIB per cápita no período 2007-2013 estivera por debaixo do 75 % da media da Europa dos Vinte e Cinco no período de referencia, pero cuxo PIB per cápita aumentara a máis do 75 % do PIB medio da Europa dos Vinte e Sete, recibirán unha asignación conforme aos Fondos Estruturais equivalente, como mínimo, ao 60% da súa asignación para o período 2007-2013”. É o que se coñece como rede de seguridade.

Recentemente o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas deu a coñecer o

reparto dos Fondos Estruturais e de Investimento 2014-2020 por Comunidades Autónomas partindo das cifras da asignación financeira para España no marco 2014-2020 que ascende a 28.180,4 millóns de euros a prezos correntes (25.000 millóns a prezos de 2011) sen incluír os fondos da Iniciativa de Emprego Xuvenil (YEI nas siglas en inglés).

A asignación de Fondos Estruturais sen a YEI correspondentes a Galicia, ascende a 2.771,5 millóns de euros correntes (2.459,1 millóns de euros a prezos de 2011) o que representa o 9,8% do total de España. Deste importe, 1.240,8 millóns de euros é a contía dos Fondos Estruturais a programar pola Comunidade Autónoma, o que representa o 44,8% do total. Deste xeito a Comunidade Autónoma xestionará 447€ por habitante, cando a media nacional son 296,2 € por habitante.

Ademais, a Iniciativa de Emprego Xuvenil conta cun financiamento de 6.000 millóns de euros, 3.000 millóns procederían dunha liña presupostaria adicada ao emprego xuvenil, complementada coma mínimo con outros 3.000 millóns procedentes do Fondo Social Europeo (FSE). Ten por obxectivo integrar no mercado laboral aos mozos e mozas que nin traballan, nin estudan, nin reciben formación. As primeiras estimacións cuantifican a achega da YEI para España en 901 millóns, dos que o 46% será xestionado polas CC.AA. O reparto entre as mesmas, farase en función da estimación do número de integrantes deste colectivo en cada comunidade autónoma.

Polo que se refire á Cooperación Territorial, Galicia contará cunha asignación do Programa POCTEP de 30,5 millóns de euros. No que se refire aos programas Espazo Atlántico e SUDOE, nestes momentos só se coñece as achegas totais para España que ascenden a 33,8 e 57,6 millóns de euros, respectivamente.